

boletín do cesg

Colexio de
Educadores Sociais
de Galicia

Nº34 XUL-AGO 2006



Colexio de Educadores Sociais de Galicia

Rúa Gómez Ulla, 7-3º
15702 Santiago de Compostela
cesg@colexioeducadores.com

Creación do *Consejo General de Colegios de Educadoras y Educadores Sociales*

Despois de máis de dous anos de esforzo, dende que decidísemos en ASEDES (Asociación Estatal de Educación Social) comezar a traballar pola consecución do CONSEJO GENERAL DE COLEGIOS DE EDUCADORAS Y EDUCADORES SOCIALES (CGC), por fin os nosos esforzos veñen de dar froitos.

A Comisión de ASEDES encargada da consecución do CGC, que está coordinada polo noso Colexio, presentou ao Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais a proposta de Lei; que incluía un borrador de Lei. O Consello de Ministros na sesión do día 16 de xuño aprobou a nosa proposta de Lei e decidiu asumila e presentala ao Congreso dos Deputados.

Este é un novo e importantísimo paso na nosa organización profesional que nos dotará dun Órgano Estatal que coordinará as actuacións dos colexios existentes (como sabedes xa hai dez colexios funcionando e dous máis en período de creación) e permitiranos ter un instrumento para situarnos ante as leis estatais e sobre todo para poder solicitar a tan necesaria regulación profesional.

Como finalidades que dende ASEDES cremos esenciais para o novo Consello, aparte das que lle encomendan as leis, citaremos as seguintes:

- a) Potenciar o recoñecemento social e profesional das educadoras e os educadores sociais e da Educación Social.
- b) Promover e cooperar no desenvolvemento do asociacionismo profesional no ámbito autonómico, estatal e internacional.
- c) Cooperar na creación de Colexios Profesionais en todas as Comunidades Autónomas.
- d) Traballar para a consecución de plans de estudo específicos para que os profesionais, educadoras e educadores sociais obteñan a Diplomatura de Educación Social.
- e) Traballar para a elaboración e aplicación dun código deontolóxico das prácticas profesionais da Educación Social de ámbito estatal.
- f) Definir a profesión de educador e educadora social.
- g) Establecer as competencias profesionais propias do educador e a educadora social.
- h) Establecer o estatuto profesional do educador e a educadora social.
- i) Establecer as políticas de imaxe e comunicación da profesión a nivel estatal e internacional.
- j) Velar pola defensa da profesión ante calquera forma de intrusismo.

Comeza agora a tramitación parlamentaria da lei (podedes atopar o proxecto en www.congreso.es e www.colexioeducadores.com) que ten que pasar pola Comisión de Traballo e Asuntos Sociais, ser aprobada no Congreso dos Deputados e pasar ao Senado para a súa aprobación definitiva.

Nestes pasos, como en todos os anteriores, o CESG estará en primeira liña para a consecución máis rápida posible do CGC. Un Consello que, tal como foi aprobado por todas as asociacións estatais na última Asemblea, respecte os seguintes principios:

a) Corresponsabilidade-Cooperación:

O papel do CGC debe ser traballar a favor da cooperación coordinada das actuacións, iniciativas e proxectos que levan a cabo as entidades autonómicas, impulsando o apoio ás organizacións autonómicas que o requiran, directamente ou mediante a colaboración doutras entidades autonómicas, e fomentando a corresponsabilidade destas, no proxecto de construción e desenvolvemento da profesión e na promoción profesional, a nivel estatal.

b) Definición de Ámbitos:

O CGC debe ser responsable no que respecta ás relacións co goberno do estado, cos órganos colexiais estatais doutras profesións, e cos órganos profesionais e administrativos de orde internacional. Por outra banda esta responsabilidade debe plasmarse no impulso de propostas e debates daqueles aspectos que afecten a toda a profesión (definición, competencias profesionais, código deontolóxico, estatuto profesional...) fomentando resolucións que teñan en conta as diferentes realidades e necesidades autonómicas.

c) Independencia e Coordinación:

As entidades estatais deben respectar a independencia de actuación das organizacións autonómicas, de acordo co seu marco regulador e competencia, entendendo que as primeiras deben apoiar ás segundas na consecución dos obxectivos de traballo que se susciten. Xa que logo, as entidades estatais deben servir ás organizacións autonómicas, e non directamente aos profesionais asociados e colexiados, competencia clara de cada entidade autonómica. Así mesmo o CGC debe intentar, dentro do respecto á independencia mencionada anteriormente, establecer un papel de coordinador entre as actuacións dos distintos colexios autonómicos.

O Colexio de Educadores Sociais de Galicia está convencido de que a consecución do Consello potenciará a tan necesaria unidade do colectivo profesional cara a lograr unha profesión cada vez máis recoñecida, necesaria socialmente e con intervencións cada vez de máis calidade, por iso estamos a loitar e este é un novo paso na nosa organización profesional.

Alberto Fernández de Sanmamed Santos

Presidente do CESG



AVISOS:

- As oficinas do CESG permanecerán pechadas do 1 ao 20 de agosto por vacacións.
- A partir deste mes, a correspondencia do CESG será enviada por correo electrónico a todos aqueles colexiados/as que o solicitaron. Os que aínda non o fixestes, podedes solicitalo enviando cuberta a ficha que atoparedes na sección “Avisos” de www.colexioeducadores.com.

ACTUACIONES REALIZADAS

- ✓ Comezo da difusión do Libro de Actas das *I Xornadas: A escola ¿punto de encontro entre o profesorado e educadores/as sociais?*, editado conxuntamente por Nova Escola Galega e Colexio de Educadores Sociais de Galicia. As xornadas tiveron lugar os días 5, 6 e 7 de xullo de 2005.
- ✓ Difusión da revista *Galeduso* Nº 6 entre colexiados, concellos e entidades vinculadas á Educación Social.
- ✓ Colaboración nas *II Xornadas: A escola, punto de encontro entre o profesorado e educadores/as sociais*, que tiveron lugar os días 4, 5 e 6 de xullo na Facultade de Ciencias de Educación da Universidade de Santiago. Presentación dos formatos de comunicación do CESG (Web, Galeduso e Boletín) por parte de Jorge Piñeiro e Montse Sánchez, secretario e empregada do CESG. Participación da vicepresidenta, María José Fernández, na mesa redonda: "A Incorporación do Educador Social na Escola Galega".
- ✓ Xuntanza, o día 5 de xullo, coa Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, Dona María Xosé Pérez Mariño, para facerlle achega do Libro de Actas das *I Xornadas: A escola ¿punto de encontro entre o profesorado e educadores/as sociais?*, co obxecto de expoñer a necesidade de incorporación dos educadores/as sociais aos centros de ensino. Acudiu Jorge Piñeiro, secretario do CESG, xunto a representantes de Nova Escola Galega.
- ✓ Xuntanza, o día 6 de xullo, co Director Xeral de Xuventude e Solidariedade, D. Rubén Cela Díaz, co obxecto de informar da necesidade da presenza dun/ha profesional da educación social no centro de asesoramento afectivo-sexual *Quérote*, así coma nos centros similares que está previsto poñer en marcha noutras cidades galegas. Posteriormente, enviouse escrito para xustificar de xeito máis completo a nosa reivindicación.
- ✓ Asistencia á presentación do Documento de Bases para a elaboración da Lei de Servizos Sociais de Galicia, organizada pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, que tivo lugar en Santiago de Compostela o día 6 de xullo. Asistiron Alberto Fernández e Alfonso Tembrás, presidente e tesoureiro do CESG
- ✓ Posta en marcha de novas seccións na páxina web: *Recursos, Rincón Deontolóxico e Grupos de Traballo*.
- ✓ Envío de escrito á Secretaria Xeral do Benestar, Dona María Xesús Lago Vilaboa, solicitando a modificación do MATIASS, *Manual de Traballo, Información e Asesoramento en Servizos Sociais*, para que se posibilite o acceso a todos profesionais dos Servizos Sociais e a inserción de documentos de varias profesións, así como que se substitúan os conceptos "equipo básico" e "equipo complementario" polo de "equipo multiprofesional", especificando as funcións de cada profesión.
- ✓ Envío de escrito á Conselleira de Educación, Dona Laura Elena Sánchez Piñón, solicitando a creación dunha comisión que estude o xeito máis adecuado de incorporación dos educadores/as sociais aos centros de ensino.
- ✓ Envío de carta aos colexiados dos que temos constancia que traballan no ámbito de drogodependencias, solicitando a súa opinión acerca da integración dos dispositivos asistenciais no SERGAS, e anunciando a intención do CESG de constituir un grupo de traballo centrado neste ámbito.
- ✓ Envío de escrito informativo sobre a actuación pericial dos educadores/as sociais, co obxecto de dar a coñecer esta posibilidade entre aqueles colectivos vinculados a esta actividade: Ilustres Colexios de Avogados de Galicia, Consello da Avogacía Galega, Tribunais e Xulgados galegos e Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
- ✓ Envío de escrito ao reitor da Universidade de Santiago de Compostela, D. Senén Barro Ameneiro, solicitando que Educación Social sexa unha das titulacións preferentes para o acceso ao Programa Oficial de Posgrao "Servizos Culturais" en vindeiras convocatorias, así como que se mencione explicitamente esta titulación para o acceso preferente ao Programa Oficial de Postgrado de "Xerontoloxía".
- ✓ Admisión do recurso de reposición contra as bases de convocatoria dunha praza de Educador/a Familiar para o Concello de Ribadeo (Lugo). A modificación das bases foi publicada no BOP de Lugo de 30 de xuño e no DOG de 13 de xullo.
- ✓ Recurso de reposición contra as bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal con carácter temporal para prestar servizos á Excm. Deputación Provincial de Lugo, publicadas no BOP de Lugo de 12 de xullo, nas que se convocan dúas prazas de Animador Sociocultural, co obxecto de que se recoñeza como requisito de acceso aos diplomados/as en Educación Social ou habilitados/as polo CESG.
- ✓ Recurso de reposición contra as bases de selección dun Director/a de centro de servizos sociais, un Educador/a Familiar e un Dinamizador/a Cultural e Xuvenil, para o concello de Outes, publicadas no BOP de A Coruña de 26 de xullo, co obxecto de que se recoñeza como requisito de acceso aos diplomados/as en Educación Social ou habilitados polo CESG.
- ✓ Acordo de interpoñer recurso contencioso administrativo contra a Resolución desestimatoria do recurso de reposición interposto polo CESG contra a Orde de 21 de febreiro de 2006 pola que se convoca proceso selectivo para o acceso ás categorías correspondentes ao grupo II do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, publicada no DOG nº 57 de 22 de marzo de 2006, na que se convocaban 17 prazas de Educador/a / profesor/a especial.
- ✓ Acordo de formular demanda contra a Resolución desestimatoria de Reclamación Previa á Vía Xudicial Laboral interposta polo CESG contra a Orde de 21 de febreiro de 2006 pola que se convoca proceso selectivo para o acceso ás categorías correspondentes ao grupo II do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia pola quenda de promoción interna e cambio de categoría, publicada no DOG nº 57 de 22 de marzo de 2006, na que se convocaban 17 prazas de Educador/a / profesor/a especial.
- ✓ Acordo de interpoñer recurso contencioso administrativo contra a desestimación presunta por silencio administrativo do recurso de reposición interposto polo CESG contra as bases específicas para o proceso selectivo de Educador de Familia do Concello de Ourense, publicadas no BOP de Ourense nº 29 de 4 de febreiro de 2006.
- ✓ Acordo de interpoñer recurso contencioso administrativo contra a desestimación presunta por silencio administrativo do recurso de reposición interposto polo CESG contra as bases específicas para o proceso selectivo de Animador Sociocultural do Concello de Ourense, publicadas no BOP de Ourense nº 29 de 4 de febreiro de 2006.

NOVAS PUBLICACIÓNS DISPOÑIBLES NA BIBLIOTECA DO CESG

- Xornal "Infoxove". Nº 2. Xuño de 2006. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Xunta de Galicia.
- Boletín "Aldizkaria". Nº 130. Xuño 2006. Centro de Documentación de drogodependencias.
- Revista "Perfiles. Revista general de política social" Nº 221. Xuño 2006. ONCE.
- Xornal "EM. Entre Mayores. Hablamos de ti". Ano 6. Nº 59. Xullo-Agosto de 2006.
- Revista "Galeduso" nº 6. Monográfico sobre Familias Infancias. Colexio de Educadores Sociais de Galicia
- CASTRO RODRÍGUEZ, M.; MAHLEIRO GUTIÉRREZ, X.M. e RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, J. (2006): *A Escola, ¿Punto de encontro entre o profesorado e educadores/as sociais?* Libro de Actas das xornadas celebradas en xullo de 2005. Nova Escola Galega – Colexio de Educadores Sociais de Galicia.

ARTIGO DE INTERESE

SERVIZO DE CORREO ELECTRÓNICO PARA COLEXIADOS/AS

O Colexio amplía os seus servizos de Internet coa dispoñibilidade de contas de correo electrónico para todos os colexiados e colexiadas que así o soliciten. O dominio no que se aloxarán as contas será ceesg.org e o nome de usuario será o nome e dous apelidos do solicitante, diste xeito: nome.apellido1.apellido2@ceesg.org

Para o nome e apelidos teranse en conta os datos introducidos na ficha individual do Acceso a Colexiados do sitio de Internet do Colexio. No caso de que houbese repeticións, o sistema engadirá catro díxitos que se corresponderán co número de colexiado.

Se estás interesado/a nunha conta de correo co teu nome, deberás facer o seguinte:

A) Se xa es usuario da Área de Colexiados da web www.colexioeducadores.com:

1. Entrar no Acceso a Colexiados
2. Pinchar en Modificar Datos
3. Seleccionar a opción "Solicito correo no dominio @ceesg.org"
4. O sistema informará dos datos que necesitarás para configurar a túa conta e do tempo no que estará lista. Ademais, recibirás un enderezo de e-mail onde poderás dirixirte se houbese algún problema coa túa nova conta de correo.

B) Se non es usuario da Área de Colexiados da web www.colexioeducadores.com:

1. Solicitar a alta, pinchando no recadro de Acceso a Colexiados, na opción "Darse de alta" ou pedindo directamente a páxina <http://www.colexioeducadores.com/alta.asp>
2. Cubrir os datos correctamente e, no apartado e-mail, deixar en branco a casilla e marcar a opción "Solicito correo no dominio @ceesg.org"
3. O sistema informará dos datos que necesitarás para configurar a túa conta e do tempo no que estará lista. Ademais, recibirás un enderezo de e-mail onde poderás dirixirte se houbese algún problema coa túa nova conta de correo.

Debes ter en conta que se solicitas o servizo de e-mail do Colexio, o teu novo enderezo será o único que figurará na túa ficha de Acceso a Colexiados da web.

FORMACIÓN CONTINUA

CURSO TEMÁTICO SOBRE EDUCACIÓN INFANTIL DA MARIÑA: A INFANCIA EN SITUACIÓN DE RISCO SOCIAL

Organiza: Concello de Ribadeo.

Lugar: Salón de actos do IES Dionisio Gamallo. Ribadeo

Datas: 29 e 30 de setembro.

Prazo de inscrición: 1 de setembro.

Prezo: Cota xeral: 20 €. Estudantes ou desempregados: 10 €.

Información: Centro de Información de Mulleres de Ribadeo
Tel.: 982120789

TÉCNICAS EN ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES (550 h.)

Organiza: Fundación de Estudos e Análises FESAN.

Lugar: Santiago de Compostela.

Datas: do 8 de setembro ao 20 de outubro (venres pola tarde).

Prazo de inscrición: 1 de setembro.

Prezo: 540 €.

Información: Fundación de Estudos e Análises FESAN

Tel.: 981534020 / 981522426

igam_fesan@fesan.org

TÉCNICAS PARA A INTERVENCIÓN PROFESIONAL (20 h.)

Organiza: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais.

Lugar: Santiago de Compostela

Datas: do 20 ao 22 de setembro.

Prazo de inscrición: 21 de agosto.

Prezo: Gratuito.

Información: Dirección Xeral de Inclusión Social

Tel.: 913637485

mvelascob@mtas.es

http://sociales.mtas.es/SGAS/formacion/Plan2006/cpinfgral.htm

FORMACIÓN CON DESCONTOS PARA COLEXIADOS/AS

I.S. INTERVENCIÓN SOCIAL (Cursos a distancia)

1) CURSO BÁSICO DE INTERV. SOCIOLABORAL (100 h.)

Especialidades: INMIGRANTES, MULLERES E PERSOAS CON DISCAPACIDADE. (30 h. c/u)

Prezos das especialidades:	1 especialid.	3 especialid.	Aplicaráselles un desconto do 10% aos/ás colexiados/as do CEGS.
Soporte papel	90 €	200 €	
Soporte CD-ROM	70 €	150 €	
Soporte Web	50 €	100 €	

2) CURSO DE INTERVENCIÓN CON MAIORES (125 h.)

3) CURSO DE INTERVENCIÓN CON MENORES (125 h.)

4) CURSO DE ADOPCIÓNS E ACOLLEMENTOS (125 h.)

5) CURSO DE VIOLENCIA SOBRE MULLERES: ASPECTOS PSICOSOCIAIS E XURÍDICOS (100 h.)

6) CURSO DE MEDIACIÓN FAMILIAR E INTERXERACIONAL (125 h.)

Organiza: I.S. Intervención Social

Prezo:	Curso 1 (sen esp.)	Cursos 2, 3 e 4	Curso 5	Curso 6
Soporte papel	180 €	240 € c/u	200 €	250 €
Soporte CD-ROM	160 €	220 € c/u	180 €	230 €
Soporte Web	140 €	200 € c/u	150 €	200 €

Aplicaráselles un **desconto do 10%** aos/ás colexiados/as do CEGS.

Información: I.S. Intervención Social

C/ Peñalara, 15, baixo esq. 41005 Sevilla.

Tel.: 954 933807 Fax: 954 933808

formacion@intervencionsocial.com www.intervencionsocial.com

NOVAS DOS BOLETÍNS

EMPREGO

Deputación de A Coruña: Anuncio e aprobación do prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a contratación, mediante concurso con procedemento aberto, da xestión do teatro Colón e a realización de accións socioculturais na provincia de A Coruña na modalidade de concesión. (BOP de A Coruña de 13 de xullo)

Concello de Verín (Ourense): Edicto de aprobación da oferta de emprego público para 2006. Unha praza de Educador/a Social. (BOE de 13 de xullo)

Deputación de A Coruña: Anuncio da oferta de emprego público para 2006. Unha praza de Director; 5 prazas de Educador/a (quenda 24 horas), 6 prazas de Educador/a titor/a. (BOP A Coruña de 7 de xullo e DOG de 11 de xullo)

Concello de Caldas de Reis (Pontevedra): Anuncio da oferta de emprego público para 2006. Unha praza de Animador/a Sociocultural. Unha praza de Axente de igualdade. (DOG de 27 de xuño e BOE de 12 de xullo)

Concello de Outes (A Coruña): Anuncio da oferta de emprego público para o ano 2006. Unha praza de Director de centro de servizos sociais. Unha praza de Educador familiar. Unha praza de Dinamizador/a cultural. (DOG de 16 de xuño)

Concello de Meaño (Pontevedra): Anuncio das bases que regulan a convocatoria de procesos selectivos para cubrir postos da oferta de emprego público 2006. Unha praza de Técnico Local de Emprego. Unha praza de Educador/a Familiar. Unha praza de Informador/a Xuvenil. (BOP de Pontevedra de DOG de 19 de xullo)

Consell Comarcal del Pallars Jussà (Lleida): Resolución referente á convocatoria para prover unha praza. Unha praza de Educador/a Social. (BOE de 18 de xullo)

Concello de Outes (A Coruña): Anuncio das bases de convocatoria das prazas correspondentes á oferta de emprego público 2006. Unha praza de Director/a de centro de servizos sociais, unha praza de Educador/a familiar, unha praza de Dinamizador/a cultural e xuvenil. (BOP de A Coruña de 26 de xullo)

OUTROS

Deputación de A Coruña: Bases de convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos para proxectos de inversión en centros de día, mini-residencias, vivendas comunitarias e apartamentos ou pisos tutelados para persoas maiores, no ano 2006. (BOP de 13 de xullo)

Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza: Resolución pola que se regula a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro, para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de acollida e integración da poboación inmigrante extracomunitaria na Comunidade Autónoma galega durante o ano 2006. (BOE de 12 de xullo)

Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza: Resolución por a que se regula a concesión de subvencións a concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais, para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de acollida e integración da poboación inmigrante extracomunitaria na Comunidade Autónoma galega durante o ano 2006. (BOE de 12 de xullo. Corrección de erros: DOG de 17 de xullo)

Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais: Resolución pola que se convoca a concesión de subvencións nas áreas de familias e infancia durante o ano 2006 (BOE de 4 de xullo)

Ministerio do Interior: Orde pola que se convoca o Premio Nacional Victoria Kent 2006, para o fomento da investigación multidisciplinar en materia penitenciaria. (BOE de 11 de xullo)

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Orde pola que se determinan as bases reguladoras e se convocan prazas de educadores bolseiros para o centro de asistencia e educación especial Santiago Apóstolo da Coruña (DOG de 14 de xullo)

Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais: Resolución pola que se convoca a concesión de subvencións na área de atención a persoas con discapacidade, durante o ano 2006. (BOE de 14 de xullo)

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Orde pola que se convocan axudas para o desenvolvemento de programas de atención a familias monoparentais. (DOG de 18 de xullo)

OUTRAS CONVOCATORIAS

OFERTAS DE EMPREGO DE



Para contactar: www.cimoemplego.com

Oferta nº: 957399 **Localidade:** Barbadás (Ourense) **Posto:** Monitor/a de persoas con minusvalía psíquica. Imprescindible titulación universitaria en Psicoloxía, Pedagogía, Maxisterio en Educación Especial, Educación Social ou similar. Traballará nun centro ocupacional, realizando xogos, manualidades, excursións e deportes.

PREMIO ACCIÓN SOCIAL

Convoca: Fundación Sedesa.

Obxecto: Poden optar ao premio todas aquelas institucións, entidades, asociacións proxectos individuais, etc. que estean realizando un proxecto que poida considerarse beneficioso para a sociedade.

Dotación: 6.000 €.

Prazo: 31 de agosto de 2006.

Información: Fundación Sedesa

<http://www.fundacionsedesa.com/fundacion/premios/premiosocial.htm>

PREMIOS ACRA PARA A MELLORA DO BENESTAR E CALIDADE DE VIDA DAS PERSOAS MAIORES

Convoca: ACRA. Asociación Catalana de Recursos Asistenciales.

Obxecto: Poderán presentarse proxectos no ámbito da xeriatría ou xerontoloxía coas temáticas de mellora e innovación na atención ás persoas maiores ou mellor aportación profesional dentro da atención ás persoas maiores.

Prazo: 12 de setembro de 2006.

Información: ACRA. Asociación Catalana de Recursos Asistenciales
http://www.acra.es/docs/Bases_IV_Premios_ACRA.pdf

Subvenciona:



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Coa colaboración de:

